

# CM Carrozaría

## Ciclo formativo de grao medio

### Perfil profesional

### Título LOE

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a fazer?** Realizar as operacións de reparación, montaxe de accesorios e transformacións do vehículo na área de carrozaría, bastidor, cabina e equipamentos ou apeiros, axustándose a procedementos e tempos establecidos, e cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

**En que ámbitos se traballa?** Nas industrias de construcción e mantemento de vehículos, na área de carrozaría, nos subsectores de automóbiles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construcción e de obras públicas, e ferrocarrís, así como noutros sectores produtivos onde se realicen traballos de chapa, transformacións e adaptacións de carrozarias, adaptacións e montaxe de equipamentos de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e da construcción, en vehículos pesados, e na construcción e reparación de elementos de fibra, compostos e pintura.

**Que ocupacións se desempeñan?** Chapista reparador/ora de carrozaría de automóbiles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construcción e obras públicas, e material ferroviario. Instalador/ora de cristais e montador/ora de accesorios. Pintor/ora de carrozaría de automóbiles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construcción e obras públicas, e material ferroviario.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que componen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0254	<b>Elementos amovibles</b>	212
1º	MP0256	<b>Elementos fixos</b>	267
1º	MP0255	<b>Elementos metálicos e sintéticos</b>	267
1º	MP0261	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0260	Mecanizado básico	107
2º	MP0258	<b>Elementos estruturais do vehículo</b>	193
2º	MP0259	<b>Embelecemento de superficies</b>	212
2º	MP0262	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0263	Formación en centros de trabajo	410
2º	MP0257	<b>Preparación de superficies</b>	172

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algúna unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Carrozaría

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0254 Elementos amovibles.	UC0127_2 Substituir e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo.
MP0255 Elementos metálicos e sintéticos.	UC0126_2 Realizar a conformación de elementos metálicos e reformas de importancia. UC0128_2 Realizar a reparación de elementos metálicos e sintéticos.
MP0256 Elementos fixos.	UC0124_2 Substituir elementos fixos do vehículo total ou parcialmente. UC0129_2 Substituir e/ou reparar elementos fixos non estruturais do vehículo total ou parcialmente.
MP0257 Preparación de superficies.	UC0122_2 Realizar a preparación, a protección e a igualación de superficies de vehículos.
MP0258 Elementos estruturais do vehículo.	UC0125_2 Reparar a estrutura do vehículo.
MP0259 Embelecer de superficies.	UC0123_2 Efectuar o embelecer de superficies.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0127_2 Substituir e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo.	MP0254 Elementos amovibles.
UC0122_2 Realizar a preparación, a protección e a igualación de superficies de vehículos.	MP0257 Preparación de superficies.
UC0123_2 Efectuar o embelecer de superficies.	MP0259 Embelecer de superficies.
UC0124_2 Substituir elementos fixos do vehículo total ou parcialmente.	MP0256 Elementos fixos.
UC0129_2 Substituir e/ou reparar elementos fixos non estruturais do vehículo total ou parcialmente.	
UC0125_2 Reparar a estrutura do vehículo.	MP0258 Elementos estruturais do vehículo.
UC0126_2 Realizar a conformación de elementos metálicos e reformas de importancia.	MP0255 Elementos metálicos e sintéticos.
UC0128_2 Realizar a reparación de elementos metálicos e sintéticos.	